

ADAPTACIÓNS DAS PROGRAMACIÓNS

CURSO 2019-2020

INSTRUCIÓNS DO 27 DE ABRIL DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019/20, NOS CENTROS DOCENTES DA COMUNICADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

ÍNDICE

♪	Adaptación da Programación didáctica na Materia de Repentización e Acompañamento (Guitarra).....	pág. 3
♪	Adaptación da Programación didáctica na Materia de Guitarra.....	pág. 4
♪	Adaptación da Programación didáctica na materia de Historia da Música.....	pág. 6
♪	Adaptación da Programación didáctica na materia de Linguaxe Musical.....	pág. 8
♪	Adaptación da Programación didáctica na materia de Acordeón.....	pág. 11
♪	Adaptación da Programación didáctica na materia de Piano.....	pág. 14
♪	Adaptación da Programación didáctica na materia de Piano Comp.....	pág. 16
♪	Adaptación da Programación didáctica na materia de Canto.....	pág. 19
♪	Adaptación da Programación didáctica na materia de Coro.....	Pág. 21
♪	Adaptación da Programación didáctica na materia de Idiomas.....	Pág. 22
♪	Adaptación da Programación didáctica na materia de Harmonía.....	Pág. 23
♪	Adaptación da Programación didáctica na materia de Análise.....	Pág. 24
♪	Adaptación da Programación didáctica na materia de Repent.ización en Piano. 4º e 6º G.P.	Pág. 25
♪	Adaptación da Programación didáctica na materia de Optativa Jazz.....	Pág. 28
♪	Adaptación da Programación didáctica na materia de Violín.....	Pág. 29
♪	Adaptación da Programación didáctica na materia de Saxofón.....	Pág. 30
♪	Adaptación da Programación didáctica na materia de Fruta Traveseira.....	Pág. 33
♪	Adaptación da Programación didáctica na materia de Percusión.....	Pág. 35
♪	Adaptación da Programación didáctica na materia de Trompeta.....	Pág. 36
♪	Adaptación da Programación didáctica na materia de Clarinete.....	Pág. 39
♪	Adaptación da Programación didáctica na materia de Mús. de Cámara	Pág. 41
♪	Adaptación da Programación didáctica na materia de Conxunto.....	Pág. 43
♪	Adaptación da Programación didáctica na materia de Orquestra.....	Pág. 45

Adaptación da Programación didáctica na Materia de Repentización e Acompañamento (Guitarra) no terceiro trimestre como consecuencia da situación actual de emerxencia sanitaria.

Atendendo ao disposto nas Directrices xerais das *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, engádense os seguintes aspectos á Programación didáctica na materia de Repentización e Acompañamento.

Obxectivos:

Neste trimestre non hai cambios significativos en canto aos obxectivos xerais da materia.

Contidos:

Neste trimestre non hai cambios significativos en canto aos contidos xerais da materia.

Metodoloxía e recursos:

Neste apartado adaptarase a metodoloxía á utilización dos recursos vinculados coas TICs: comunicación vía telemática por medio de correo electrónico e vídeo conferencia así como remisión de exercicios e correccións en formato de arquivos dixitais.

Avaliación:

Mantéñense os mesmos criterios de avaliación e a mesma ponderación con respecto aos trimestres anteriores, atendendo á singularidade dos recursos postos en marcha.

A avaliación no mes de setembro: no caso de que a presencialidade non sexa posible, o alumnado deberá efectuar unha serie de exercicios facilitados polo docente de xeito telemático.

Adaptación da Programación didáctica na Materia de Guitarra no terceiro trimestre como consecuencia da situación actual de emerxencia sanitaria.

Atendendo ao disposto nas Directrices xerais das instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, engádense os seguintes aspectos á Programación didáctica na materia de Guitarra.

Obxectivos:

Neste trimestre non hai cambios significativos en canto aos obxectivos xerais da materia que figuran na programación didáctica.

Contidos:

Neste trimestre non hai cambios significativos en canto aos contidos xerais da materia que figuran na programación didáctica.

Enfoque metodolóxico:

Neste trimestre non hai cambios significativos en canto aos enfoques metodolóxicos xerais da materia que figuran na programación didáctica.

Recursos didácticos.

En relación con este apartado facer mención que para acadar os obxectivos, implementar os contidos e poñer en funcionamento os procesos metodolóxicos, se recorre agora dun xeito moi relevante á utilización das novas tecnoloxías da información e comunicación substituindo parte dos recursos empregados na docencia presencial.

Utilízanse de forma profusa a dixitalización de partituras para a súa remisión ao alumnado, gravacións de audio tanto polos docentes do departamento como dos discentes, comunicación co alumnado por medio da utilización das aplicacións de mensaxería instantánea a través de dispositivos móbiles ademais do correo electrónico.

De especial relevancia teñen as comunicacións levadas a cabo a través de vídeo conferencia xa que estas substitúen á clase presencial. De igual xeito as gravacións realizadas polo alumnado, podendo estas constituír un recurso que pode substituír, se é o caso as interpretacións en público contempladas na programación de materia.

Criterios de avaliación e mínimos esixibles:

Neste trimestre non hai cambios significativos en canto aos criterios de avaliación xerais da materia que figuran na súa programación didáctica nin dos mínimos esixibles.

Procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe:

En canto aos procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe, mantéñense os principios básicos contemplados na programación didáctica da materia, pero agora modulados polas limitacións dos recursos comunicativos postos en marcha, fundamentalmente vídeo conferencia, que dificultan en ocasións o análise preciso da escoita e observación do alumnado.

A avaliación no mes de setembro: no caso de que a presencialidade non sexa posible, o alumnado interpretará por medio de vídeo conferencia as obras ou estudos pendentes.

Adaptación da Programación didáctica na materia de Historia da Música no terceiro trimestre do curso 2019-2020 como consecuencia da situación actual de emerxencia sanitaria.

Seguindo as instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación da Xunta de Galicia, no seu punto 6.7, a programación da materia de Historia da Música verase modificada nos seguintes puntos:

Obxectivos.

Os obxectivos descritos na programación da materia mantéñense sen ningún tipo de cambio.

Contidos.

Os contidos descritos na programación da materia mantéñense sen ningún tipo de cambio.

Metodoloxía e recursos metodolóxicos.

A metodoloxía procurará ser dinámica e integradora no posible, tendo en conta o desenvolvemento das clases telemáticamente. As clases de Historia da Música desenvólense de forma telemática no mesmo horario que tiña o alumnado de forma presencial. A conexión realízase a través das diferentes Tics (internet, ordenador, teléfono móbil, arquivos de son e vídeo). O profesor impartirá as clases tendo en conta os mesmos recursos que na programación e compartindo documentos e enlaces a vídeos e audicións.

A materia a tratar será a reflectida na programación do terceiro trimestre para todo o alumnado. O alumnado con materia pendente das avaliacións anteriores ao confinamento contará con actividades de reforzo como resumos ou orientacións sobre as ideas e contidos fundamentais de cada tema.

Avaliación e cualificación:

Os procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado conteñen aspectos comúns ao longo dos dous cursos.

A avaliación terá en conta as notas acadadas na primeira e segunda avaliación, a nota final será unha media de ambas avaliacións, podendo ser esta incrementada tendo en conta as actividades realizadas polo alumnado telemáticamente a partir do luns 16 de marzo ata a conclusión do curso. A materia nova explicada a partir do 16 de marzo non será avaliada.

O alumnado coa materia suspensa na primeira e segunda avaliación pode acadar unha avaliación positiva mediante exames telemáticos dalgúns dos parciais non superados cunha ponderación na nota do 60% e de traballos doutros parciais non superados cunha ponderación na nota do 40%. Estas probas realizaranse ao longo do mes de maio. No caso de avaliación negativa en xuño, elaborárase un informe individualizado coas actividades de recuperación e reforzo. O alumnado coa materia pendente do curso anterior será avaliado mediante a realización dunha serie de traballos da materia.

A avaliación extraordinaria de setembro, se non pode realizarse de forma presencial, avaliarase mediante exame telemático e traballo dalgún dos temas pendentes da primeira e segunda avaliación.

Departamento de Linguaxe Musical

Curso 2019/2020

Adaptación da Programación didáctica na materia de Linguaxe Musical no terceiro trimestre do curso 2019-2020 como consecuencia da situación actual de emerxencia sanitaria.

1.- OBXECTIVOS E CONTIDOS MÍNIMOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

A finalidade da linguaxe musical é o desenvolvemento das capacidades vocais, rítmicas, psicomotoras, auditivas e expresivas de modo que o código musical se convirta nun instrumento útil e eficaz de comunicación e representación, e desenvolver isto na práctica instrumental de modo efectivo.

A ensinanza da linguaxe musical está baseada en desenvolver no alumno/a as capacidades esenciais: saber escoitar, saber cantar, saber ler e saber escribir.

A totalidade do departamento de linguaxe musical entende que os obxectivos mínimos da programación didáctica foron traballados pola totalidade do alumnado, se ben é certo, que os contidos das disciplinas de entoación e ditados tiveron que ser adaptados á nova situación durante o confinamento. As circunstancias de aprendizaxe non son as óptimas nestas dúas disciplinas nas que a calidade auditiva entre emisor e receptor son determinantes.

No caso dos ditados, trabállase autónomamente mediante os libros con cd contemplados na programación didáctica para cada curso e con medios online a través de páxinas web coma www.misdictados.com ou similares.

No campo da entoación, trabállase co cd do libro de entoación do curso e con vídeos gravados polos propios profesores/as dos acompañamentos de piano enviados ás familias por correo electrónico.

Evidentemente, a inmediatez da corrección na clase a través do piano, tanto dos exercicios de ditado coma dos de entoación, a axuda na entoación dobrando (sobre todo nos cursos iniciais) a melodía ou engadindo voces (nos cursos máis avanzados), serán actividade a traballar no vindeiro curso dun xeito máis exhaustivo.

2.- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓNS.

Resulta obvio que a observación directa na propia aula dos/as alumnos/as resulta ser o criterio máis fiable de avaliación, ademais de ser este o sistema requerido pola administración competente. Desta observación podemos obter moitas conclusións, tanto no que se refire aos coñecementos adquiridos, ás inquiredanzas como ao interese do alumnado.

Parece claro entón, que a avaliación continua sexa o criterio de avaliación máis axeitado para avaliar ao alumnado, aínda que tamén se establecerán probas puntuais ou trimestrais.

A cualificación final obterase tendo en conta as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres e a implicación e o traballo realizado durante este terceiro trimestre. Os contidos tratados no terceiro trimestre, polas súas circunstancias excepcionais e complexas para moitos/as dos alumnos/as, poderán beneficiar a cualificación final, mais non poderán afectar negativamente.

A avaliación do traballo realizado durante o terceiro trimestre por parte do profesorado terase en conta para aplicar as debidas modificacións que se incorporarán na programación didáctica da materia no curso 2020/21, especialmente no tocante aos contidos que non puideron ser tratados neste curso.

Todo aquel alumnado que non supere a materia en xuño, terá dereito a examinarse en setembro, como ven recollido na programación, onde terá que amosar ter acadados os obxectivos e contidos mínimos esixibles para o curso.

3.- METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE.

Como principios metodolóxicos, partimos das seguintes premisas:

-Creatividade e atención personalizada. Potenciar a improvisación e a interpretación individual dentro das posibilidades da materia de linguaxe musical.

-Interdisciplinabilidade con outras materias.

-Estimular a participación activa do alumnado no discorrer da clase, tanto dende o punto de vista da realización de actividades propostas como na emisión das súas propias valoracións acerca dos contidos traballados.

-Evitar sancións negativas fronte ao fracaso, así como potenciar a motivación entre o alumnado sobre todo neste tempo de confinamento.

As clases de linguaxe musical mantivéronse dende o principio do confinamento a través de dúas vías fundamentais: as videochamadas grupais ou individuais (ben sexa pola plataforma "Zoom" ou "WhatsApp" e por vía telefónica) e o correo electrónico.

Nas conexións grupais, aproveitamos o tempo para dar as explicacións necesarias para abordar os exercicios, tanto de lectura, de entoación e teoría. Cando a calidade da conexión entre alumno/a e profesor/a o permite, podemos traballar en fragmentos individuais de lectura rítmica e lectura entoada. Igualmente, podemos plantexar explicacións e repaso de contidos teóricos e correccións grupais.

No caso de alumnado con deficiencias na conexión, ou nos medios, plantéxase o envío de vídeos como elemento de corrección de exercicios de lectura rítmica.

Para a lectura entoada, envíanse vídeos con acompañamentos de piano no caso de non dispoñer deles por mail ás familias.

E igualmente o mail, é o medio máis empregado para a entrega e correccións de fichas de teoría.

Intentamos dende un principio superar as dificultades técnicas que se plantexan, como as deficiencias nas conexións, falta de elementos de hardware (tablets, ordenadores, teléfono, escáner, impresoras...) e estados anímicos diversos dentro do ámbito familiar, tendo sempre un alto grao de implicación, flexibilidade e comprensión no tocante ao tratamento dos contidos.

Os materiais empregados polos docentes son persoais e de tipo particular.

CMUS CULLEREDO. DEPARTAMENTO DE TECLA. MATERIA DE ACORDEÓN

Adaptación da Programación didáctica na materia de Acordeón no terceiro trimestre do curso 2019-2020 como consecuencia da situación actual de emerxencia sanitaria.

1.-OBXECTIVOS E CONTIDOS MÍNIMOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os requisitos mínimos da programación didáctica están a ser abordados pola totalidade do alumnado. Porén, os obxectivos e contidos non poden ser tratados na súa totalidade, porque as circunstancias de aprendizaxe dende a declaración da emerxencia non son as óptimas para manter un bo nivel de calidade auditiva emisor-receptor.

2.-AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A avaliación e a cualificación finais obteranse tendo en consideración o traballo de todo o curso académico, por tratarse dun ensino con avaliación continua. A avaliación do traballo realizado durante o 3º trimestre en confinamento por causas sanitarias será valorado con carácter diagnóstico; ese traballo terase en conta para aplicar as modificacións que se realizarán na programación didáctica da materia para o curso 2020/2021, 1º trimestre, que consistirán en tratar os contidos que non puideron ser impartidos neste curso por mor da pandemia.

A avaliación do 3º trimestre terá lugar de xeito telemático e polo tanto non presencial. Empregaranse os medios a dispor: ordenadores, tablets, plataformas de comunicación (Zoom...).

Os contidos tratados no 3º trimestre, polas súas circunstancias excepcionais e complexas para moitos dos alumnos, poderán beneficiar a cualificación final dos mesmos mais non poderán afectar negativamente á devandita nota. Os contidos máis salientables tratados neste trimestre telemático veñen reflectidos nos correspondentes cursos da materia.

Tendo en conta as carezas e limitacións do ensino neste 3º trimestre, non poderán ser de aplicación para o mesmo os criterios de puntuación especificados na programación didáctica da materia. Esta medida ten carácter excepcional.

A avaliación desenvolverase dacordo co detalle seguinte:

A nota será numérica, sen a inclusión de decimais, do 1 ao 10. Para poder superar o curso, o alumno ha de obter unha cualificación igual ou maior a 5.

Para a cualificación terase en conta o cumprimento dos obxectivos acadados durante o curso na aula presencial . Farase a observación dos seguintes aspectos:

- cumprimento dos contidos específicos do curso durante as clases. (80%)
- actitude na clase e respecto á materia. (10%)
- audicións e probas. (10%)

Proba extraordinaria de setembro. Levarase a cabo en función das circunstancias sanitarias específicas. Se estas permiten a asistencia ó centro, a proba terá lugar presencialmente.

De non ser así, realizarase telemáticamente. A proba consistirá na execución ao acordeón do repertorio relativo aos contidos mínimos (en cada curso) que non fosen superados no desenvolvemento da actividade presencial.

A proba dos contidos non superados no 3º trimestre será avaliada con criterio diagnóstico.

3.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

As clases de acordeón deste 3º trimestre mantéñense por varias canles paralelamente: videochamada individual (Zoom, Whatsapp...), corrección por vídeo e correo electrónico.

Tense en conta a limitación de medios materiais que o alumnado poida padecer e polo tanto este departamento é moi flexible co xeito no que os alumnos poden manter o contacto semanal co docente.

As principais dificultades atopadas son da calidade de conexión á rede de internet, deficiencia da calidade do son do instrumento a través dos altosfalantes, falta de elementos de hardware (nalgúns fogares teñen que compartir unha tablet entre todos os membros da familia), dificultades emocionais dentro do eido familiar...por todo iso mantense un alto grao de comprensión e flexibilidade cos alumnos no tocante ó tratamento dos contidos.

O traballo en xeral realizado cos alumnos abrangue tanto obras de repertorio nos diferentes estilos como estudos técnicos para o correcto desenvolvemento das habilidades acordeonísticas, seguindo a programación e os requisitos mínimos na mesma.

A nivel persoal, como docente, os materiais empregados son de tipo particular e polo tanto privado: ordenador portátil, impresora, escáner, teléfono móbil... ademais da bibliografía requirida para cada curso, moita dela de propiedade particular do profesor.

Esta adaptación programática está baseada na normativa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cmus Culleredo
Departamento de Tecla
Maio 2020

CMUS CULLEREDO. DEPARTAMENTO DE TECLA. MATERIA DE PIANO

Adaptación da Programación didáctica na materia de Piano no terceiro trimestre do curso 2019-2020 como consecuencia da situación actual de emerxencia sanitaria.

1.-OBXECTIVOS E CONTIDOS MÍNIMOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os requisitos mínimos da programación didáctica están a ser abordados pola totalidade do alumnado. Porén, os obxectivos e contidos non poden ser tratados na súa totalidade, porque as circunstancias de aprendizaxe dende a declaración da emerxencia non son as óptimas para manter un bo nivel de calidade auditiva emisor-receptor.

2.-AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A avaliación e a cualificación finais obteranse tendo en consideración o traballo de todo o curso académico, por tratarse dun ensino con avaliación continua. A avaliación do traballo realizado durante o 3º trimestre en confinamento por causas sanitarias será valorado con carácter diagnóstico; ese traballo terase en conta para aplicar as modificacións que se realizarán na programación didáctica da materia para o curso 2020/2021, 1º trimestre, que consistirán en tratar os contidos que non puideron ser impartidos neste curso por mor da pandemia.

A avaliación do 3º trimestre terá lugar de xeito telemático e polo tanto non presencial. Empregaranse os medios a dispor: ordenadores, tablets, plataformas de comunicación (Zoom...).

Os contidos tratados no 3º trimestre, polas súas circunstancias excepcionais e complexas para moitos dos alumnos, poderán beneficiar a cualificación final dos mesmos mais non poderán afectar negativamente á devandita nota. Os contidos máis salientables tratados neste trimestre telemático veñen reflectidos nos correspondentes cursos da materia.

Tendo en conta as carezas e limitacións do ensino neste 3º trimestre, non poderán ser de aplicación para o mesmo as porcentaxes de puntuación especificadas na programación didáctica da materia. Esta medida ten carácter excepcional. A avaliación conformarase dacordo coas porcentaxes que se detallan:

Traballo de aula 80%. Participación en concertos no 1º e 2º trimestre 10%. Actitude durante o proceso de aprendizaxe 10%.

Proba extraordinaria de setembro. Levarase a cabo en función das circunstancias sanitarias específicas. Se éstas permiten a asistencia ó centro, a proba terá lugar presencialmente. De non ser así, realizarase telemáticamente. A proba consistirá na execución ao piano do repertorio

relativo aos contidos mínimos (en cada curso) que non fosen superados no desenvolvemento da actividade presencial.

A proba dos contidos non superados no 3º trimestre será avaliada con criterio diagnóstico.

3.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

As clases de piano deste 3º trimestre mantéñense por varias canles paralelamente: videochamada individual (Zoom, Skype, Meet, WhatsApp), corrección por vídeo, teléfono e correo electrónico. Tense en conta a limitación de medios materiais que o alumnado poida padecer e polo tanto este departamento é moi flexible co xeito no que os alumnos poden manter o contacto semanal co docente.

As principais dificultades atopadas son de calidade de conexión á rede de internet, deficiencia da calidade do son do instrumento a través dos altosfalantes, mala calidade dos teclados a dispor dos alumnos no fogar (o que supón a modificación do repertorio pianístico nalgúns casos por limitacións dos instrumentos dos alumnos no domicilio), falta de elementos de hardware (nalgúns fogares teñen que compartir unha tablet entre todos os membros da familia), dificultades emocionais dentro do eido familiar...por todo iso mantense un alto grao de comprensión e flexibilidade cos alumnos no tocante ó tratamento dos contidos.

O traballo en xeral realizado cos alumnos abrangue tanto obras de repertorio nos diferentes estilos como estudos técnicos para o correcto desenvolvemento das habilidades pianísticas, seguindo a programación e os contidos mínimos na mesma.

A nivel persoal, como docentes, os materiais empregados son de tipo particular e polo tanto privado: ordenador portátil, impresora, escáner (para envío de partituras e contidos musicais diversos), teléfono móbil... ademais da bibliografía requirida para cada curso, moita dela de propiedade particular dos profesores.

Esta adaptación programática está baseada na normativa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cmus Culleredo
Departamento de Tecla
Maio 2020

CMUS CULLEREDO. DEPARTAMENTO DE TECLA. MATERIA DE PIANO COMPLEMENTARIO

Adaptación da Programación didáctica na materia de Piano Complementario no terceiro trimestre do curso 2019-2020 como consecuencia da situación actual de emerxencia sanitaria.

1.-OBXECTIVOS E CONTIDOS MÍNIMOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os requisitos mínimos da programación didáctica están a ser abordados pola totalidade do alumnado. Porén, os obxectivos e contidos non poden ser tratados na súa totalidade, porque as circunstancias de aprendizaxe dende a declaración da emerxencia non son as óptimas para manter un bo nivel de calidade auditiva emisor-receptor.

2.-AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A avaliación e a cualificación finais obteranse tendo en consideración o traballo de todo o curso académico, por tratarse dun ensino con avaliación continua. A avaliación do traballo realizado durante o 3º trimestre en confinamento por causas sanitarias será valorado con carácter diagnóstico; ese traballo terase en conta para aplicar as modificacións que se realizarán na programación didáctica da materia para o curso 2020/2021, 1º trimestre, que consistirán en tratar os contidos que non puideron ser impartidos neste curso por mor da pandemia.

A avaliación do 3º trimestre terá lugar de xeito telemático e polo tanto non presencial. Empregaranse os medios a dispor: ordenadores, tablets, plataformas de comunicación (Zoom...).

Os contidos tratados no 3º trimestre, polas súas circunstancias excepcionais e complexas para moitos dos alumnos, poderán beneficiar a cualificación final dos mesmos mais non poderán afectar negativamente á devandita nota. Os contidos máis salientables tratados neste trimestre telemático veñen reflectidos nos correspondentes cursos da materia.

Tendo en conta as carezas e limitacións do ensino neste 3º trimestre, non poderán ser de aplicación para o mesmo os criterios de puntuación especificados na programación didáctica da materia. Esta medida ten carácter excepcional.

A avaliación desenvolverase dacordo co detalle seguinte:

A nota será numérica, sen a inclusión de decimais, do 1 ao 10. Para poder superar o curso, o alumno ha de obter unha cualificación igual ou maior a 5.

Para a cualificación terase en conta o cumprimento dos obxectivos acadados durante o curso na aula presencial . Farase a observación dos seguintes aspectos:

- cumprimento dos contidos específicos do curso durante as clases ordinarias. (80%)
- actitude na clase e respecto á materia. (10%)
- audicións e probas. (10%)

Proba extraordinaria de setembro. Levarase a cabo en función das circunstancias sanitarias específicas. Se estas permiten a asistencia ó centro, a proba terá lugar presencialmente.

De non ser así, realizarase telemáticamente. A proba consistirá na execución ao piano do repertorio relativo aos contidos mínimos (en cada curso) que non fosen superados no desenvolvemento da actividade presencial.

A proba dos contidos non superados no 3º trimestre será avaliada con criterio diagnóstico.

3.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

As clases de piano complementario deste 3º trimestre mantéñense por varias canles paralelamente: videochamada individual (Zoom, Skype, Meet, Whatsapp), corrección por vídeo, teléfono e correo electrónico. Tense en conta a limitación de medios materiais que o alumnado poida padecer e polo tanto este departamento é moi flexible co xeito no que os alumnos poden manter o contacto semanal co docente.

As principais dificultades atopadas son da calidade de conexión á rede de internet, deficiencia da calidade do son do instrumento a través dos altosfalantes, mala calidade dos teclados a dispor dos alumnos no fogar (o que supón a modificación do repertorio de piano complementario nalgúns casos por limitacións dos instrumentos dos alumnos no domicilio), falta de elementos de hardware (nalgúns fogares teñen que compartir unha tablet entre todos os membros da familia), dificultades emocionais dentro do eido familiar...por todo iso mantense un alto grao de comprensión e flexibilidade cos alumnos no tocante ó tratamento dos contidos.

O traballo en xeral realizado cos alumnos nesta materia está vencellado aos cadernos de Piano Complementario de E. Molina nos diferentes cursos para a correcta comprensión e desenvolvemento das habilidades harmónico-pianísticas, escalas, etc... así como obras do repertorio pianístico de nivel axeitado ao curso, seguindo a programación e os contidos mínimos na mesma.

A nivel persoal, como docentes, os materiais empregados son de tipo particular e polo tanto privado: ordenador portátil, impresora, escáner (para envío de partituras e contidos musicais diversos), teléfono móbil... ademais da bibliografía requirida para cada curso, moita dela de propiedade particular dos profesores.

Esta adaptación programática está baseada na normativa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cmus Culleredo

Departamento de Tecla

Maiο 2020

Adaptación da Programación didáctica na Materia de Canto no terceiro trimestre como consecuencia da situación actual de emerxencia sanitaria.

Atendendo ao disposto nas Directrices xerais das *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, engádense os seguintes aspectos á Programación didáctica na materia de Canto.

1.- Obxectivos e contidos mínimos.

Os obxetivos mínimos da programación cumpríronse para aqueles alumnos que fixeron un traballo continuo durante a primeira e segunda avaliación. Certo é, que algunhas disciplinas no se puideron traballar de maneira axeitada.

Púidose traballar o repertorio programado para a terceira avaliación mais non se puido levar a cabo a realización das mesmas con acompañamento do piano, nin as audicións correspondentes. As vocalizacións e exercicios técnicos dos alumnos no seu traballo individual son feitos na casa, sen poder facer un seguimento directo.

2.- Avaliación e cualificación

A nota final, dependerá en gran medida do traballo feito nas dúas primeiras avaliacións xunto ao realizado na terceira avaliación. Quedando pendente para o próximo curso facer unha audición coas obras feitas nesta última avaliación.

3.- Metodoloxía e actividades do 3º. trimestre.

Fanse conexións pola aplicación Zoom co horario habitual da clase. Os alumnos envían os audios e vídeos para a súa corrección e seguimento da aprendizaxe, nas que se utilizan as bases musicais de piano das obras programadas na terceira avaliación, e que están colgadas en Youtube, para a interpretación das mesmas.

Temos numerosos problemas na conexión das clases e nalgunhas ocasións facemos a clase por vídeo chamada da aplicación WhatsApp e incluso chamada telefónica.

Loxicamente as limitacións das conexións pola calidade sonora das mesmas impide, en gran medida, que a clase sexa óptima, pero ante as circunstancias temos que utilizar os medios ao alcance para ofrecer aos alumnos a mellor aprendizaxe posible.

Adaptación da Programación didáctica na Materia de Coro no terceiro trimestre como consecuencia da situación actual de emerxencia sanitaria.

Atendendo ao disposto nas Directrices xerais das *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, engádense os seguintes aspectos á Programación didáctica na materia de Coro.

1.- Obxectivos e contidos mínimos.

Os obxectivos mínimos da programación cumpríronse grazas ao traballo realizado nas dúas primeiras avaliacións nas que se fixeron audicións en cada unha delas, e ao traballo feito no comenzo da terceira avaliación co fin da interpretación dun concerto de música relixiosa, actividade que se faría fóra do conservatorio en Semana Santa, tamén como a preparación da ópera “Bastián y Bastiana” de Mozart co texto en galego.

O traballo pendente do repertorio deste curso recuperarase no primeiro trimestre do vindeiro curso.

2.- Avaliación e cualificación

A nota final do curso dependerá do traballado nas dúas primeiras avaliacións e do traballo feito nesta terceira avaliación.

3.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.

O estudo das obras para a realización do concerto de música relixiosa e a preparación da ópera “Bastian y Bastiana”. Durante o confinamento dada a complexidade para a realización real da materia, fanse labores titoriais cos alumnos.

Adaptación da Programación didáctica na Materia de Idiomas no terceiro trimestre como consecuencia da situación actual de emerxencia sanitaria.

Atendendo ao disposto nas Directrices xerais das *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, engádense as seguintes aspectos á Programación didáctica na materia de Idiomas.

1.- Obxectivos e contidos mínimos

Os obxectivos mínimos da programación cumpríronse para os alumnos que fixeron un traballo continuo durante a primeira e segunda avaliación. Certo é, que algunhas disciplinas, nesta terceira avaliación, non se levaron a cabo do xeito correcto.

2.- Avaliación e cualificación

A nota final dependerá en gran medida do traballado nas dúas primeiras avaliacións, xunto ao traballo que se está a facer nesta terceira.

3.-Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

Fanse conexións pola aplicación Zoom no horario habitual da clase, os alumnos envían audios para a súa corrección e seguimento da aprendizaxe. Escoltamos vídeos de Youtube como base fiable para a fonética de cada un dos idiomas.

Temos moitos problemas de conexión nas clases e en ocasións fanse as clases por vídeo chamada da aplicación WhatsApp ou incluso chamada telefónica.

Loxicamente as limitacións das conexións pola calidade sonora das mesmas dificulta en moito a optimidade da clase, mais as circunstancias fan que teñamos que utilizar todos os medios ao noso alcance para a mellor aprendizaxe posible.

Todas as actividades que non se poidan facer, quedan prorrogadas para a primeira avaliación do vindeiro curso.

Adaptación da Programación didáctica na Materia de Harmonía no terceiro trimestre como consecuencia da situación actual de emerxencia sanitaria.

Atendendo ao disposto nas Directrices xerais das *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, engádense os seguintes aspectos á Programación didáctica na materia de Harmonía.

1.- Obxectivos e contidos mínimos

Os obxectivos, contidos e criterios mínimos son os mesmos que os da programación, coa salvedade de que os contidos da terceira avaliación non serán sometidos a unha proba escrita, senón que se valorarán polos traballos semanais que envían os alumnos por correo electrónico. Valorarase tamén a asistencia e a participación nas clases a través das reunións de Zoom Cloud e do grupo de WhatsApp creado para o efecto. As clases telemáticas manteñen o horario presencial habitual.

2.- Avaliación e cualificación

A nota final do curso estimarase tendo en conta principalmente o traballo presencial feito nas dúas primeiras avaliacións, servindo a valoración da terceira avaliación para mellorar a media dos dous primeiros trimestres, sempre e cando o alumno demostre pola asistencia e os traballos semanais que domina os contidos traballados no último trimestre do curso.

Adaptación da Programación didáctica na Materia de Análise no terceiro trimestre como consecuencia da situación actual de emerxencia sanitaria.

Atendendo ao disposto nas Directrices xerais das *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, engádense os seguintes aspectos á Programación didáctica na materia de Análise.

1.- Obxectivos e contidos mínimos

Os obxectivos, contidos e criterios mínimos son os mesmos que os da programación, coa salvedade de que os contidos da terceira avaliación non serán sometidos a unha proba escrita, senón que se valorarán polos traballos semanais que envían os alumnos por correo electrónico.

Valorarase tamén a asistencia e a participación nas clases a través das reunións de Zoom Cloud e do grupo de WhatsApp creado para o efecto. As clases telemáticas manteñen o horario presencial habitual.

2.- Avaliación e cualificación

A nota final do curso estimarase tendo en conta principalmente o traballo presencial feito nas dúas primeiras avaliacións, servindo a valoración da terceira avaliación para mellorar a media dos dous primeiros trimestres, sempre e cando o alumno demostre pola asistencia e os traballos semanais que domina os contidos traballados no último trimestre do curso.

CMUS CULLEREDO. DEPARTAMENTO DE TECLA. MATERIA DE REPENTIZACIÓN EN PIANO.
4º E 6º GP

Adaptación da Programación didáctica na materia de Repentización en Piano de 4º e 6º GP no terceiro trimestre do curso 2019-2020 como consecuencia da situación actual de emerxencia sanitaria.

1.-OBXECTIVOS E CONTIDOS MÍNIMOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os requisitos mínimos da programación didáctica foron traballados durante a primeira e segunda avaliación. Neste tercer trimestre están sendo repasados e reforzados cos alumnos/as. Porén, os obxectivos e contidos non poden ser tratados na súa totalidade, porque as circunstancias de aprendizaxe dende a declaración da emerxencia non son as óptimas para manter un bo nivel de calidade auditiva emisor-receptor.

2.-AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A avaliación e a cualificación finais obtense tendo en consideración o traballo de todo o curso académico, por tratarse dun ensino con avaliación continua. A avaliación do traballo realizado durante o 3º trimestre en confinamento por causas sanitarias será valorado con carácter diagnóstico; ese traballo terase en conta para aplicar as modificacións que se realizarán na programación didáctica da materia para o curso 2020/2021, 1º trimestre, que consistirán en tratar os contidos que non puideron ser impartidos neste curso por mor da pandemia.

A avaliación do 3º trimestre terá lugar de xeito telemático e polo tanto non presencial. Empregaranse os medios a dispor: ordenadores, tablets, plataformas de comunicación (Zoom...).

Os contidos tratados no 3º trimestre, polas súas circunstancias excepcionais e complexas para moitos dos alumnos, poderán beneficiar a cualificación final dos mesmos mais non poderán afectar negativamente á devandita nota. Os contidos máis salientables tratados neste trimestre telemático veñen reflectidos nos correspondentes cursos da materia.

Tendo en conta as carezas e limitacións do ensino neste 3º trimestre, non poderán ser de aplicación para o mesmo as porcentaxes de puntuación especificadas na programación didáctica da materia. Esta medida ten carácter excepcional.

A avaliación final conformarase dacordo coas porcentaxes que se detallan:

Improvisación: 25% Repentización: 25% Transposición 25% Baixo Cifrado 25%

O alumnado coa materia suspensa na 1ª e 2ª avaliación pode acadar unha avaliación positiva mediante exames telemáticos. Estas probas realizaranse ao longo do mes de maio. No caso de avaliación negativa en xuño, elaborárase un informe individualizado coas actividades de recuperación e reforzo.

Proba extraordinaria de setembro. Levarase a cabo en función das circunstancias sanitarias específicas. Se estas permiten a asistencia ao centro, a proba terá lugar presencialmente. De non ser así, realizarase telemáticamente. A proba consistirá na execución ao piano do repertorio relativo aos contidos mínimos (en cada curso) que non fosen superados no desenvolvemento da actividade presencial.

A proba dos contidos non superados no 3º trimestre será avaliada con criterio diagnóstico.

3.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

As clases de repentización piano deste 3º trimestre mantéñense por varias canles paralelamente: videochamada individual (Zoom), corrección por vídeo e correo electrónico. Tense en conta a limitación de medios materiais que o alumnado poida padecer e polo tanto tense moita flexibilidade co xeito no que os alumnos poden manter o contacto semanal co docente.

As principais dificultades atopadas son da calidade de conexión á rede de internet, deficiencia da calidade do son do instrumento a través dos altosfalantes, mala calidade dos teclados a dispor dos alumnos no fogar, falta de elementos de hardware (nalgúns fogares teñen que compartir unha tablet entre todos os membros da familia), dificultades emocionais dentro do eido familiar...por todo iso mantense un alto grao de comprensión e flexibilidade cos alumnos no tocante ó tratamento dos contidos.

O traballo en xeral realizado cos alumnos abrangue tanto exercicios do “Tratado de Acompañamento” de Williart, volume 1º e 2º, como obras de repertorio de piano nos diferentes estilos para o correcto desenvolvemento das habilidades pianísticas vencelladas coa materia, como improvisación, repentización ou transporte, corais a catro partes harmónicas... seguindo a programación e os contidos mínimos na mesma.

A nivel persoal, como docente, os materiais empregados son de tipo particular e polo tanto privado: ordenador portátil, impresora, escáner, teléfono móbil... ademais da bibliografía requirida para cada curso, moita dela de propiedade particular do profesor.

Esta adaptación programática está baseada na normativa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Adaptación da Programación didáctica na Materia de Optativa de Jazz no terceiro trimestre como consecuencia da situación actual de emerxencia sanitaria.

Atendendo ao disposto nas Directrices xerais das *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, engádense os seguintes aspectos á Programación didáctica na materia de Optativa de Jazz.

1.-OBXECTIVOS E CONTIDOS MÍNIMOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os obxectivos, contidos e criterios mínimos son os mesmos que os da programación, coa salvedade de que os contidos da terceira avaliación non serán sometidos a unha proba presencial, senón que valórase polos traballos semanais (gravacións e traballos escritos) que envían os alumnos por correo electrónico. Valorárase tamén a asistencia e participación nas clases a través das reunións de Zoom Cloud e do grupo de WhatsApp creado ao efecto. As clases telemáticas manteñen o horario presencial habitual.

2.-AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A nota final do curso estimárase tendo en conta principalmente o traballo presencial feito nas dúas primeiras avaliacións, servindo a valoración da terceira avaliación para mellorar a media dos dous primeiros trimestres, sempre e cando o alumno demostre pola asistencia e os traballos semanais que domina os contidos traballados no último trimestre do curso.

Adaptación da Programación didáctica na Materia de Violín no terceiro trimestre como consecuencia da situación actual de emerxencia sanitaria.

Atendendo ao disposto nas Directrices xerais das *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, engádense os seguintes aspectos á Programación didáctica na materia de Violín

Departamento de corda frotada- Violín

1.-OBXECTIVOS E CONTIDOS MÍNIMOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os obxectivos mínimos descritos na programación didáctica mantéñense sen ningún tipo de cambio.

Facer especial mención á dificultade de traballar os contidos relacionados coa afinación, sobre todo nos primeiros cursos, a produción dun son de calidade, así como a dificultade para valorar unha correcta posición do alumnado.

Tamén cabe mencionar a finalidade última da aprendizaxe musical que é expoñer nunha audición no auditorio o traballo levado a cabo durante todo o curso, e dadas as circunstancias que nos acompañan non foi posible a súa realización.

Tomaranse en conta estes puntos de cara o vindeiro curso 2020/2021.

2.-AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Para a avaliación final terase en conta a nota da primeira e da segunda avaliación, así como o traballo e a implicación do alumno na terceira avaliación, que servirá para poder subir a nota.

O alumno que non supere a materia en xuño, terá a oportunidade de examinarse en setembro, onde terá que amosar ter acadados os obxectivos e contidos mínimos.

3.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

As clases de violín realízanse dende o 14 de marzo de 2020 ata o fin de curso marcado pola consellería, de maneira individualizada, nalgúns casos no mesmo horario que durante o curso e noutros atendendo á flexibilidade tanto por parte dos alumnos como dos profesores, a través de varias plataformas como poden ser Zoom, videochamada de WhatsApp ou Skype e nalgúns casos complementábase o traballo con vídeos, comentar tamén que cada titor mantivo durante este tempo un traballo de interdisciplinidade coas outras materias, así como o acompañamento do alumno nestes tempos tan complicados que estamos a vivir.

Departamento de Vento – SAXOFÓN

Curso 2019/2020

Adaptación da Programación didáctica na Materia de Saxofón no terceiro trimestre como consecuencia da situación actual de emerxencia sanitaria.

Atendendo ao disposto nas Directrices xerais das *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, engádense os seguintes aspectos á Programación didáctica na materia de Saxofón.

1.- OBXECTIVOS E CONTIDOS MÍNIMOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

As ensinanzas artísticas teñen a finalidade de proporcionar aos alumnos/as unha formación de calidade.

Os obxectivos mínimos da programación didáctica foron traballados pola totalidade do alumnado, se ben é certo que hai contidos que tiveron que ser adaptados á nova situación durante o confinamento. As circunstancias de aprendizaxe non son as óptimas no momento no que a calidade auditiva entre o emisor e receptor son tan especiais.

No caso da lectura a primeira vista e a interpretación de música en grupo, dende dúos co profesor, ou resto de compañeiros/as, ata pequenas formacións camerísticas non se lles pode dar o tratamento axeitado.

Do mesmo xeito, as correccións do son e da afinación, que traballamos, sobre todo nos primeiros cursos, por imitación, vense claramente perxudicadas.

Por outra parte, o obxectivo último da aprendizaxe musical, a posta en escena nunha audición ou concerto de todo o traballo feito non se pode levar a cabo nestas circunstancias.

Todos estes conceptos serán actividades a traballar no vindeiro curso dun xeito máis exhaustivo.

2.- AVALIACIÓN Y CUALIFICACIÓNS.

Resulta obvio que a observación directa na propia aula dos/as alumnos/as resulta ser o criterio máis fiable de avaliación, ademais de ser este o sistema requerido pola administración competente. Desta observación podemos obter moitas conclusións, tanto no que se refire aos coñecementos adquiridos, ás inxerencias como ao interese do alumnado.

Parece claro entón, que a avaliación continua sexa o criterio de avaliación máis axeitado para avaliar ao alumnado, aínda que tamén se establecerán probas puntuais ou trimestrais.

A cualificación final obterase tendo en conta as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres e a implicación e o traballo realizado durante este terceiro trimestre. Os contidos tratados no terceiro trimestre, polas súas circunstancias excepcionais e complexas para moitos/as dos alumnos/as, poderán beneficiar a cualificación final, mais non poderán afectar negativamente.

A avaliación do traballo realizado durante o terceiro trimestre por parte do profesorado terase en conta para aplicar as debidas modificacións que se incorporarán na programación didáctica da materia no curso 2020/21, especialmente no tocante aos contidos que non puideron ser tratados neste curso.

Todo aquel alumnado que non supere a materia en xuño, terá dereito a examinarse en setembro, como ven recollido na programación, onde terá que amosar ter acadados os obxectivos e contidos mínimos esixibles para o curso.

3.- METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE.

Como principios metodolóxicos, partimos das seguintes premisas:

- Creatividade e atención personalizada. Potenciar a improvisación e a interpretación individual dentro das posibilidades da materia de linguaxe musical.

- Interdisciplinabilidade con outras materias.

- Estimular a participación activa do alumnado no discorrer da clase, tanto dende o punto de vista da realización de actividades propostas como na emisión das súas propias valoracións acerca dos contidos traballados.

- Evitar sancións negativas fronte ao fracaso, así como potenciar a motivación entre o alumnado sobre todo neste tempo de confinamento.

As clases de saxofón mantivéronse dende o principio do confinamento a través de dúas vías fundamentais: as videochamadas individuais (pola plataforma "Zoom") e o envío de traballo previamente gravado a través de "WhatsApp". En vez de facer unha única sesión dunha hora de duración, facemos dúas conexións á semana de media hora cada unha. Esta dinámica presenta elementos positivos, como evitar o cansancio que producen as clases a través de videochamada, tanto para o emisor coma para o receptor, e aumentar o seguimento do alumnado neste tempo tan complexo.

Como actividades complementarias, fixemos retos diarios de preparación de fragmentos de exercicios ou pequenas pezas para enviar un vídeo cada día, de xeito que fomentemos o traballo constante e a fragmentación do estudo como elementos imprescindibles para acadar os mellores resultados.

Intentamos dende un principio superar as dificultades técnicas que se plantexan, como as deficiencias nas conexións, falta de elementos de hardware (tablets, ordenadores, teléfono, ...) e estados anímicos diversos dentro do eido familiar, tendo sempre un alto grao de implicación, flexibilidade e comprensión no tocante ao tratamento dos contidos.

Os materiais empregados polos docentes son personais e de tipo particular.

Adaptación da Programación didáctica na Materia de Frauta traveseira no terceiro trimestre como consecuencia da situación actual de emerxencia sanitaria.

Atendendo ao disposto nas Directrices xerais das *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, engádense os seguintes aspectos á Programación didáctica na materia de Frauta traveseira.

1.-OBXECTIVOS E CONTIDOS MÍNIMOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Coas alumnas de frauta traveseira seguimos a avanzar no traballo a partir do punto no que estaba cada unha delas. A nivel xeral, traballamos sobre todo a fidelidade á partitura a nivel de notas, medida, velocidade constante co uso do metrónomo, articulacións, matices e respiracións. Estes obxectivos mínimos traballanse tanto para as alumnas de grao elemental como para as de grao profesional. Ó estar usando medios telemáticos é moi difícil e case imposible traballar temas como o son, por exemplo. Neste case non nos estamos centrando, a non ser que sexa algo evidente. Tamén estamos traballando o aspecto da musicalidade sobre todo en grao profesional, aínda que en menor medida. Para avaliar ás alumnas de frauta teranse en conta os aspectos xa mencionados e os asuntos como o son, a musicalidade, as audicións en público e algún contido que quede por ver (obra, estudo, aspecto técnico e canción, no caso das alumnas de grao elemental), o retomaremos no primeiro trimestre do curso que ven.

2.-EVALUACIÓN E CUALIFICACIÓN:

Con respecto ás cualificacións das alumnas, terase moi en conta a primeira e a segunda avaliación e o esforzo realizado durante este confinamento. Non haberá exame específico. Cada audio recibido ou cada videochamada realizada é suficiente para avaliar a terceira avaliación sempre tendo en conta o difícil desta situación. Con respecto á nota da terceira avaliación, farase media das notas do primeiro e segundo trimestre, ademais sumaranse de 0 a 2 puntos máis tendo en conta se se foron cumprindo os obxectivos nos deberes dados telemáticamente a cada unha das alumnas e o nivel de participación neles. Isto é, se se participou todas as semanas e cos obxectivos cumpridos, se sumarán 2 puntos á media das notas da primeira e segunda avaliación. Se se participou máis esporádicamente no traballo telemático e houbo que rebaixar os contidos, e polo tanto, os obxectivos xerais neles, a nota poderá ser o resultado da media anteriormente mencionada ou se poderá subir un punto como máximo.

3.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES REALIZADAS NO TERCEIRO TRIMESTRE:

Durante este confinamento establécese contacto coas alumnas según as súas necesidades e vendo o que con cada unha delas funciona mellor. Utilizamos videochamada, audios e vídeos de WhatsApp para ter un seguemento do traballo do terceiro trimestre. Estamos aprendendo a traballar máis co metrónomo. Facemos un traballo máis detallado, preciso e obxectivo. Centrámomos máis na calidade do traballado que na cantidade. Quédannos contidos pendentes que teremos que retomar na primeira avaliación do vindeiro curso. Pero os obxectivos recollidos na metodoloxía son os que hai que superar. Todo isto é experimental e considero que estamos a aprender todos del.

Adaptación da Programación didáctica na Materia de Percusión no terceiro trimestre como consecuencia da situación actual de emerxencia sanitaria.

Atendendo ao disposto nas Directrices xerais das *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, engádense os seguintes aspectos á Programación didáctica na materia de Percusión.

Obxectivos.

Os obxectivos descritos na programación da materia mantéñense salvo os adicados ós instrumentos de láminas por mor da falta deles por parte do alumnado.

Contidos.

Os contidos descritos na programación da materia mantéñense, salvo os adicados ós instrumentos de láminas por mor da falta deles por parte do alumnado.

Metodoloxía e recursos metodolóxicos.

A metodoloxía procurará ser dinámica e integradora no posible, tendo en conta o desenvolvemento das clases de forma telemática. As clases de percusión desenvólvense de forma telemática no mesmo horario que tiña o alumnado de forma presencial. A conexión realízase a través das diferentes Tics (internet, ordenador, teléfono móbil, arquivos de son e vídeo). O profesor imparte as clases tendo en conta os mesmos recursos que na programación e compartindo documentos.

A materia a tratar será a reflectida na programación do terceiro trimestre para todo o alumnado.

A nivel persoal, como docente, os materiais empregados son de tipo particular e polo tanto privado: ordenador portátil, impresora, escáner (para envío de partituras e contidos musicais diversos), teléfono móbil... ademais da bibliografía para cada curso, moita dela de propiedade particular dos profesores.

Nalgúns casos solucionando a falta de instrumentos coa fabricación deles ou a substitución por outros "similares".

Avaliación e cualificación.

A avaliación terá en conta as notas acadadas na primeira e segunda avaliación. A nota final será unha media de ambas avaliacións, podendo ser esta incrementada tendo en conta as actividades realizadas polo alumnado de forma telemática a partir do luns 16 de marzo ata a conclusión do curso. A materia nova explicada a partir do 16 de marzo non será avaliada.

Adaptación da Programación didáctica na Materia de Trompeta no terceiro trimestre como consecuencia da situación actual de emerxencia sanitaria.

Atendendo ao disposto nas Directrices xerais das *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, engádense os seguintes aspectos á Programación didáctica na materia de Trompeta.

1.-Obxectivos e contidos mínimos

En todos os cursos estamos a traballar os contidos reflectidos na programación didáctica, a excepción de tocar en público no terceiro trimestre por mor do COVID 19. Asemade a proposta do mestre de trompeta realizamos en conxunto gravacións como a dos Picapedra, no que cada alumno grava a súa voz e logo o mestre úneas todas a través do programa Filmora9, aínda que isto non é un sucedáneo de actuar en público, estamos a chegar a el a través das redes sociais.

2.-Criterios de avaliación e mínimos esixibles.

Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que conduzan a unha perda de control na execución.

Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.

Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo e o dominio na execución de estudos e obras de repertorio sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Con este criterio preténdese avaliar a autonomía e competencia do estudo individualizado e a resolución dos problemas que se lle susciten no estudo e a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos.

Demostrar solvencia na lectura a primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. Este criterio avalía a competencia progresiva que adquire o alumnado na lectura a primeira vista así como a súa desenvoltura para abordar a improvisación no instrumento aplicando os coñecementos adquiridos.

Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e á capacidade de autocrítica, así como a actitude, o

comportamento e a participación nas actividades programadas.

3.-Avaliación e cualificación do alumnado

<p>Avaliación</p>	<p>Procedementos:</p> <p>Seguimento con sesións individuais das clases de instrumento a través de novas tecnoloxías online.</p> <p>Realización e entrega de traballos.</p> <p>Observación e escoita.</p> <hr/> <p>Instrumentos:</p> <p>A través de plataformas de videoconferencia, Zoom, Skype, WhatsApp, FaceTime , Google dúo, vía telefónica.</p> <p>Plataformas de entrega de traballos a través de Whatsapp, Filmora 9.</p> <p>Rexistro e control das datas de cada sesión celebrada.</p>
<p>Cualificación final</p>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Avaliación continua e formativa. A cualificación final será a obtida como media da 1ª e 2ª avaliación. O profesor poderá incrementar dita cualificación final tendo presente o traballo realizado polo alumnado a partir da finalización da actividade lectiva presencial e ata a data da avaliación.</p> <p>No caso do alumnado que realice a proba final da convocatoria ordinaria, a cualificación será a correspondente á dita proba, segundo os criterios estipulados neste documento.</p>
<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>O alumnado que non acadase cualificación positiva na convocatoria ordinaria, recibirá por correo electrónico un informe cos obxectivos e contidos non acadados e a proposta de actividades de recuperación.</p> <p>Os contidos, criterios de avaliación e mínimos esixibles da proba extraordinaria de setembro, ateranse ao exposto nesta modificación da programación didáctica.</p> <p>A celebración da proba extraordinaria de setembro será NOS CINCO PRIMEIROS DÍAS DE SETEMBRO</p>
<p>Alumnado de materia pendente</p>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>O alumnado deberá acadar os contidos mínimos esixibles expostos no presente documento, sendo a avaliación continua e formativa.</p>

	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Os criterios de cualificación serán os correspondentes a dita materia para ese curso e aplicaranse do mesmo xeito que para outros cursos desta especialidade instrumental.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Os mesmos que os estipulados para o resto do alumnado</p>

Adaptación da Programación didáctica na materia de Clarinete no terceiro trimestre como consecuencia da situación actual de emerxencia sanitaria.

Atendendo ao disposto nas *Directrices xerais das instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, engádense os seguintes aspectos á Programación didáctica na materia de Clarinete.

1.-Obxectivos e contidos mínimos. Criterios de avaliación.

Ante a dificultade para cumprir parte dos obxectivos formulados na programación didáctica especialmente aqueles que se dirixen cara á participación de audicións públicas e concertos da disciplina, ou traballo e ensaios co profesor/a pianista acompañante, nesta materia atendendo o disposto no punto 6.2 das Directrices xerais das instrucións antes mencionadas, orientarase o traballo cara a actividades de reforzo das aprendizaxes anteriores e a preparación e anticipación de contidos cara o vindeiro curso no que se implementarán de xeito presencial, se a situación de emerxencia sanitaria así o permite.

Contidos mínimos.

Mantéñense aqueles que non implican, tanto a práctica e ensaio coa figura docente do pianista acompañante como a participación en audicións da materia, e poténcianse aqueles que se vinculan co desenvolvemento instrumental de cada alumno/a no contexto do repertorio da materia. Isto suporá un avance cara a realización da actividade regular, se é o caso no vindeiro curso.

2.-Avaliación e calificacións.

Neste trimestre non haberá cambios significativos en canto aos criterios de avaliación xerais da materia que figuran na programación didáctica nin dos mínimos esixibles.

Terase en conta a avaliación continua levada a cabo nos dous primeiros trimestres do curso.

En canto aos procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe, mantéñense os principios básicos contemplados na programación didáctica da materia, pero agora modulados polas limitacións dos recursos comunicativos postos en marcha, fundamentalmente vídeo conferencia, que dificultan en ocasións a análise precisa da escoita e observación do alumnado.

A avaliación no mes de setembro, no caso de que a mesma non poida ser desenvolvida de xeito presencial, o alumnado interpretará por medio de vídeo conferencia parte dos estudos e obras solicitadas polo docente, que quedaran pendentes.

3.-Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.

Neste apartado adáptase a metodoloxía á utilización dos recursos vinculados coas TICs, comunicación vía telemática, vídeo chamada e remisión de arquivos con contidos musicais en forma de partituras.

Adaptación da Programación didáctica na Materia de Música de Cámara no terceiro trimestre como consecuencia da situación actual de emerxencia sanitaria.

Atendendo ao disposto nas Directrices xerais das *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, engádense os seguintes aspectos á Programación didáctica na materia de Música de Cámara.

1.-Obxectivos e contidos mínimos. Criterios de avaliación.

Obxectivos.

Ante a dificultade para cumprir parte dos obxectivos formulados na programación didáctica especialmente aqueles que se dirixen cara á actividade instrumental conxunta de varios intérpretes, nesta materia atendendo o disposto no punto 6.2 das Directrices xerais das instrucións antes mencionadas, oriéntase o traballo cara a actividades de reforzo das aprendizaxes anteriores e a preparación e anticipación de contidos cara o vindeiro curso no que se implementarán de xeito presencial, se a situación de emerxencia sanitaria así o permite.

Contidos mínimos.

Mantéñense aqueles que non implican a práctica de conxunto e potenciáanse aqueles que se vinculan co desenvolvemento instrumental de cada alumno/a no contexto do repertorio da materia. Isto supón un avance cara a realización da actividade regular, se é o caso no vindeiro curso.

2.-Avaliación e cualificacións.

Terase en conta a avaliación continua levada a cabo nos dous primeiros trimestres do curso.

En canto aos procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe, mantéñense os principios básicos contemplados na programación didáctica da materia, pero agora modulados polas limitacións dos recursos comunicativos postos en marcha, fundamentalmente vídeo conferencia, que dificultan en ocasións a análise precisa da escoita e observación do alumnado.

A avaliación no mes de setembro, no caso de que a mesma non poida ser desenvolvida de xeito presencial, o alumnado interpretará por medio de vídeo conferencia unha das voces dunha partitura de música de cámara solicitadas polo docente. Para levalo a termo, partirase dunha partitura e gravación proporcionada polo docente.

3.-Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.

Neste apartado adáptase a metodoloxía á utilización dos recursos vinculados coas TICs, comunicación vía telemática, vídeo chamadas e remisión de arquivos en forma de gravacións realizadas polo propio alumnado, e profundizando na escoita dos compañeiros como na propia análise do repertorio, paliando así dalgún xeito a non presenza conxunta dos intérpretes.

No caso do alumnado de percusión consensuouse co seu profesor titor da materia a realización dun traballo de adaptación da partitura a multipercusión e poder serguir así a mesma evolución que os seus compañeiros do grupo.

Adaptación da Programación didáctica na materia de Conxunto no terceiro trimestre como consecuencia da situación actual de emerxencia sanitaria.

Atendendo ao disposto nas *Directrices xerais das instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, engádense os seguintes aspectos á Programación didáctica na materia de Conxunto.

1.-Obxectivos e contidos mínimos. Criterios de avaliación.

Ante a dificultade para cumprir parte dos obxectivos formulados na programación didáctica especialmente aqueles que se dirixen cara á actividade instrumental conxunta de varios intérpretes, nesta materia atendendo o disposto no punto 6.2 das Directrices xerais das instrucións antes mencionadas, oríentase o traballo cara a actividades de reforzo das aprendizaxes anteriores e a preparación e anticipación de contidos cara o vindeiro curso no que se implementarán de xeito presencial, se a situación de emerxencia sanitaria así o permite.

Contidos mínimos.

Mantéñense aqueles que non implican a práctica de conxunto e potencianse aqueles que se vinculan co desenvolvemento instrumental de cada alumno/a no contexto do repertorio da materia. Isto suporá un avance cara a realización da actividade regular, se é o caso no vindeiro curso.

2.-Avaliación e calificacións.

Terase en conta a avaliación continua levada a cabo nos dous primeiros trimestres do curso.

En canto aos procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe, mantéñense os principios básicos contemplados na programación didáctica da materia, pero agora modulados polas limitacións dos recursos comunicativos postos en marcha, fundamentalmente vídeo conferencia, que dificultan en ocasións a análise precisa da escoita e observación do alumnado.

A avaliación no mes de setembro, no caso de que a mesma non poida ser desenvolvida de xeito presencial, o alumnado interpretará por medio de vídeo conferencia unha das voces dunha partitura de conxunto solicitadas polo docente. Para levalo a termo, partírase dunha partitura e gravación proporcionada polo docente.

3.-Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.

Neste apartado adaptase a metodoloxía á utilización dos recursos vinculados coas TICs, comunicación vía telemática, vídeo chamada e remisión de arquivos con contidos musicais en

forma de partituras, nalgún caso o alumnado, tivo ocasión de realizar gravacións, paliando así dalgún xeito a non presenza conxunta dos intérpretes.

Adaptación da Programación didáctica na materia de Orquestra no terceiro trimestre como consecuencia da situación actual de emerxencia sanitaria.

Atendendo ao disposto nas *Directrices xerais das instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, engádense os seguintes aspectos á Programación didáctica na materia de Orquestra.

1.-Obxectivos e contidos mínimos. Criterios de avaliación.

Ante a dificultade para cumprir parte dos obxectivos formulados na programación didáctica especialmente aqueles que se dirixen cara á actividade instrumental conxunta de varios intérpretes, nesta materia atendendo o disposto no punto 6.2 das Directrices xerais das instrucións antes mencionadas, oriéntase o traballo cara a actividades de reforzo das aprendizaxes anteriores e a preparación e anticipación de contidos cara o vindeiro curso no que se implementarán de xeito presencial, se a situación de emerxencia sanitaria así o permite.

Contidos:

Mantéñense aqueles que non implican a práctica de conxunto e potencianse aqueles que se vinculan co desenvolvemento instrumental de cada alumno/a no contexto do repertorio da materia. Isto supón un avance cara a realización da actividade regular, se é o caso no vindeiro curso.

2.-Avaliación e Cualificacións.

Neste trimestre, atendendo o disposto no punto 6.2 das Directrices xerais das instrucións antes mencionadas, non hai cambios significativos en canto aos criterios de avaliación xerais da materia que figuran na súa programación didáctica, o traxese orientado o traballo cara a tarefas de reforzo das aprendizaxes anteriores, que se implementarán de xeito presencial, se a situación de emerxencia sanitaria así o permite, e ter en conta que ditas tarefas foron dirixidas ao alumnado polo profesor/a titor correspondente a cada especialidade que abrangue a materia de orquestra, simplemente estas, serán tidas en conta polo profesor da materia, xunto á avaliación continua levada a cabo nos dous primeiros trimestres do curso.

En canto aos procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe, mantéñense os principios básicos contemplados na programación didáctica da materia, pero agora modulados polas limitacións dos recursos comunicativos postos en marcha, fundamentalmente vídeo conferencia, que dificultan en ocasións a análise precisa da escoita e observación do alumnado.

A avaliación no mes de setembro: no caso de que a presencialidade non sexa posible, o alumnado interpretará por medio de vídeo conferencia un fragmento de lectura a primeira vista,

exercicio que remitirá o docente previamente, así como a interpretación de diferentes pasaxes das obras traballadas no curso, adaptando a esixencia a cada curso correspondente.

3.-Metodoloxía e actividades do terceiro trimestre.

Neste trimestre na materia de orquestra non hai un cambio de enfoque metodolóxico como tal, simplemente que non se pode levar a termo dito enfoque dada a situación de emerxencia sanitaria. Atendendo o disposto no punto 6.2 das Directrices xerais das instrucións antes mencionadas, oriéntase o traballo cara a actividades de reforzo das aprendizaxes anteriores e a preparación e anticipación de contidos cara o vindeiro curso no que se implementarán de xeito presencial, se a situación de emerxencia sanitaria así o permite. Ditas tarefas foron dirixidas ao alumnado polo profesor/a titor correspondente a cada especialidade que abrangue a materia de orquestra.

Recursos didácticos.

En relación con este apartado, facer mención a que para acadar as tarefas de reforzo das aprendizaxes anteriores e a preparación e anticipación de contidos cara o vindeiro curso, póñense en funcionamento agora dun xeito moi relevante, a utilización das novas tecnoloxías da información e comunicación, substituíndo parte dos recursos empregados na docencia presencial.